

O APALPADOR

O "Apalpador" é unha das tradicións galegas de Nadal que se festexaba no Courel e no Cebreiro. Este personaxe era un vello xigante que tiña como oficio ser carboeiro e vivía nas devesas da alta montaña. Na noite dos días 24 ou 31 de decembro, baixaba ás aldeas, vilas e cidades para apalpar as barriguiñas dos nenos e comprobar se estaban cheas; se estaban, dicía: "así, estas todo o ano" e deixáballes unha morea de castañas quentes. Senón, calaba, pero deixáballes tamén as castañas.



Esta tradición, recollida por José André Lôpez González, está relacionada con outras semellantes como o "Esteru" cántabro ou "Olentzero" vasco. Polo que cre que se trata dunha figura de orixe común, que no seu momento debeu estar espallada por todo o país e que foi desaparecendo progresivamente.

Para tranquilizar aos rapaces, inquedos pola chegada do Apalpador, os pais cantábanlles:



aite logo, meu meniño
marcha agora para a camiña
que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña.

Xa chegou o día grande
día do noso Señor.
Xa chegou o día grande
e virá o Apalpador.

Mañá é día de cache Vía,
que haberá gran nevarada
e vai vir o Apalpador
cunha mega de castañas

Xesús Taboada Chivite recolle nos seus estudos sobre ritos e crenzas galegas a existencia dun ritual de apalpar a barriga dos nenos en Noitevella, que recibe o nome de "Noite do apalpadoiro".

Hoxe é día do Nadal,
día do Noso Señor
ide logo para a camiña
que vai vir o Apalpador.

Hoxe é día do Nadal,
vai neniño para a camiña
que vai vir o apalpador
a apalparche a barriguiña

